



# OLA,

## CHÁMOME FEDERICO PÉREZ E SON ACTOR

---

### // SOBRE MIN

Estou... porque tiña que haber de todo! Encargado de darlle vida a Moncho en *Era visto!* e protagonista do espectáculo cómico *Curtis & Teixeira*. Ademais de ser actor tamén me gusta estar detrás das cámaras elaborando guións. Encántame todo o relacionado coa comedia e se son eu o encargado de facer rir aínda me gusta máis. Se algunha vez tes algunha dúbida, non o dubides, pregúntame que para iso tamén son asesor lingüístico.

### // EDUCACIÓN

1976

#### ◀ Nacín en Alemaña

E moitos pensan que quedei alá con Elvira ata que naceu Kevin (tamén en Alemaña), pero non é certo. A única realidade é que en alemán só digo Schweinsteiger.

---

#### ◀ Estudiei nun colexio de curas

Nos Franciscanos, que logo duns anos decidiron botarme porque non atopaban en min a vocación. Xa non volvía para xantar na casa ao mediodía: "comer hai que comer", dicían sempre os Franciscanos.

---

#### ◀ Fun lingüista de Bardem en Mar Adentro

A falar non aprendeu, pero o resto de cousas que debe saber un galego seguro que non as esquece. Era todo unha excusa para facer un cameo.

---

#### ◀ Teño o meu propio negocio: A Nave de Vidán

Seguín a filosofía dos de Bilbao. Gústame comer? Pois monto un restaurante. Está en Santiago, ao carón do CHUS.

---

#### ◀ Son directivo do Santiago Futsal

Sempre quixen dedicarme ao fútbol. Probei xogando e non era o meu, así que decidín meterme a directivo. O proxecto deste clube é especialmente interesante polo apoio ás categorías de base.

---

### TELEVISIÓN

#### TVG

2018

#### MaloSerá!

Programa de humor en directo no que teatro e televisión fúndense en hora e media de comedia. Presentado por Lucía Regueiro, o espectáculo conta ademais con Federico Pérez, Isabel Blanco, Lucía Veiga, Oswaldo Digón, Sabela Hermida e a participación como convidados, en diferentes programas, de Touriñán, Manuel Manquiña, Eva Iglesias ou Carlos Blanco, entre outros moitos.

#### ATRESMEDIA/Bambú

#### Producciones

2017

#### Tiempos de Guerra

Serie de televisión na que interpreto ao Teniente Médico Guillermo. Narra a labor dun grupo de enfermeiras enviadas para atender aos soldados españoles no marco da Guerra do Rif, en Marrocos en 1921.

#### Ainé Produccións,

#### TVG

2016

#### Nós

Especiais que a TVG emitiu durante as festas de Nadal. Un repaso pola historia do noso país en clave de comedia con argumentos centrados nas tres datas especiais: Noiteboa, Noitevella e a noite de Reis.

#### Ficción

#### Producciones

2016

#### Desafío nos fogóns

Presento, xunto con Xosé Barato, este concurso de cociña que percorre diferentes vilas galegas para atopar os mellores cociñeiros afeccionados da nosa gastronomía.

#### TVE

2016

#### Cuéntame

Participación esporádica.

#### Atresmedia

2016

#### La que se avecina

Participación esporádica, ´no séptimo capítulo da novena temporada´.

#### Ficción

#### Producciones

2015

#### Hospital Real

Hospital Real é unha serie da TVG que leva aos espectadores cara a finais do século XVIII para contar con todo luxo de detalles como era naquela época a actividade do Hostal dos Reis Católicos.

2014

#### Clases de lo social: La webserie

Participación esporádica.

#### TVG

2013

#### Libro de Familia

Serie de televisión que retrata tres familias galegas que pertencen a distintos estratos sociais e residen en Santalla.

#### Zopilote

2011-2016

#### Era Visto!

Comedia familiar a modo de *sketches* líder de audiencia na TVG. Nela interpreto a Moncho. Estiven nomeado catro veces consecutivas ós Mestre Mateo na categoría de Mellor actor protagonista.

#### TVG

2011

#### Matalobos

Participación esporádica no capítulo ´Todo segue igual´.

#### Mediaset

2011

#### Piratas

Participación esporádica no capítulo ´Como nace una leyenda´.

#### TVE

#### U.C.O

2009	Participación esporádica.
<b>TVG</b> 2008	<b>Padre Casares</b> Serie de televisión na que interpreto a Josito, un bedel do concello e a man dereita do alcalde. O seu soño é ter unha plaza como funcionario no concello.
<b>Zopilote</b> 2007	<b>Air Galicia</b> Parodia e humor en forma de centos de <i>sketches</i> para rirse do mundo e dun mesmo. Estiven nomeado ós Mestre Mateo na categoría de Mellor actor protagonista.
<b>Zopilote</b> 2006	<b>Pepe o Inglés</b> Serie de televisión que conta a historia de Pepe, un home que ten unha querencia por todo o inglés -a ironía, os modais- que, sendo tamén moi galego, non se sabe moi ben de onde lle vén.
<b>TVG, Voz Audiovisual</b> 2006	<b>As leis de Celavella</b> Foi unha teleserie de misterio emitida pola Televisión de Galicia e producida por Voz Audiovisual. Gañadora de nove estatuíñas do premio Mestre Mateo 2004, dez no 2005. Nela interpreto a Florencio da Riba.
<b>TVG</b> 2005	<b>O show dos Tonechos</b> Programa protagonizado por Roberto Vilar e Víctor Fábregas, o dúo humorístico coñecido como Os Tonechos.
<b>Globomedia, Antena 3</b> 2004	<b>Los hombres de Paco</b> Participación esporádica.
<b>TVE</b> 2004	<b>Pepe Carvalho</b> Participación esporádica.
<b>ATRESMEDIA</b> 2003	<b>Un Paso Adelante</b> Participación esporádica.
<b>TVG</b> 1998	<b>Mareas Vivas</b> Mareas vivas foi unha serie creada por Antón Reixa e producida por Voz Audiovisual. Estaba rodada en Laxe (A Coruña), aínda que moitas das imaxes foron tomadas en Corme.

## CINEMA

<b>Maruxiña Film Company, ZircoZine</b> 2015	<b>Os fenómenos</b> Filme dirixido por Alfonso Zarauza que conta a historia dunha muller que vive nunha furgoneta aparcada na costa de Almería e ve como a súa parella desaparece o día que empezaba a traballar.
<b>Zircozine</b> 2014	<b>Encallados</b> Película que analiza en ton de humor a situación da industria audiovisual galega a través da experiencia dun director de cine e dous guionistas. Dirixida por Alfonso Zarauza, rodouse en Santiago de Compostela.
<b>Filmanova</b> 2011	<b>Outro máis</b> Filme dirixido por Ricardo Llovo que conta o que sucede nun pobo da costa galega, cando a marea negra do Prestige afecta ao seu medio de vida e as relacións entre

os seus veciños.

**Vaca Films, Zed**

**Films**

2010

**Tic Tac**

**Producciones,  
Zircozine, Lagarto  
Cine**

2010

**Sogecine,**

**Himenóptero, UGC  
Image, Icecream**

2004

**Retornos**

Filme dirixido por Luis Avilés Baquero que conta a historia de Álvaro, que tras fuxir de si mesmo durante dez anos, volve ao seu pobo, unha pequena aldea de Galicia, para asistir ao enterro do seu pai.

**18 comidas**

Filme dirixido por Jorge Coira que conta seis historias ao longo dun único día de ficción. Fun nomeado ós Mestre Mateo na categoría de Mellor actor secundario.

**Mar Adentro**

Filme dirixido por Alejandro Amenábar que conta a historia de Ramón Sampedro (Javier Bardem) que leva casi trinta anos postrado nunha cama ao coidado da súa familia.

**TEATRO**

**Ainé**

2018-actualidade

**A culpa é do sistema**

Xunto con Pepo Suevos realizamos un analítico percorrido por algún dos sectores máis golpeados pola ineficacia do sistema actual. Educación, sanidade ou cultura, sen esquecer a corrupción ou o problema das pensións, son analizados con retranca, ollo crítico e sobre todo moito humor.

2018-actualidade

**A Leituga**

Comedia trágica sobre a familia, os asuntos non resoltos, as contas pendentes. O sacrificio e a culpa. Odio e rencor. Moral e instinto. Medos e miserias. A pesquisa da felicidade. O dereito á vida e o dereito á morte. Dirixida por Víctor Duplá.

**Ainé**

2016-2017

**Os tristes**

Xunto a Marcos Pereiro

2016

**Presidente**

Obra cómica da compañía Teatro do Morcego escrita por José Luis Prieto na que participo ademais como actor xunto con Celso Parada, Mercedes Castro, César Goldi e Iolanda Muiños.

**Ainé**

2015-2016

**Curtis & Teixeira**

Obra cómica na que interpreto a Curtis, un investigador privado cuxo compañeiro é Teixeira (Xosé A. Touriñán). Xuntos intentaremos resolver algúns dos misterios máis de actualidade.

**Osdous Ardebullo,  
R**

2014-2015

**Viramos tolos pola tele**

Monólogo colectivo que parodia os magazines televisivos e a súa ampla diversidade de contidos.

2011

**O Florido Pensil**

Peza teatral que retrata a época franquista baixo a dirección escénica de Fernando Bernués e Mireia Gabilondo.

**MONÓLOGOS**

## Ración de Breogán

Interpreto a Breogán nesta obra, onde conto dende o punto de vista do humor como se fundou Galicia.

### **Federico Pérez está no mundo porque tiña que haber de todo**

Un monólogo no que achega anécdotas da súa propia vida e outras da ficción.

### **A noite do capador**

#### **GUIONISTA**

2016

### **Presidente**

Obra cómica da compañía Teatro do Morcego escrita por José Luis Prieto na que participo ademais como actor xunto con Celso Parada, Mercedes Castro, César Goldi e Iolanda Muiños.

**TVG**

2011

### **Padre Casares**

Participación nos capítulos 'Man de Santo' e 'O muro das lamentacións'.

**TVG**

2006

### **Zapping Comando**

Unha importante serie de actores galegos realiza os *sketchs*, que son o prato forte do programa, e dan paso a unha sesión frenética de zapeo de ficción para superar calquera sombra de mal humor.

**TVG**

2005

### **O show dos Tonechos**

Programa protagonizado por Roberto Vilar e Víctor Fábregas, o dúo humorístico coñecido como Os Tonechos.

**TVG**

2004

### **Máxima audiencia**

Foi un programa que naceu para divertir e entreter a través do humor, as parodias, a música e as entrevistas.

**TVG**

2003

### **As leis de Celavella**

Teleserie de misterio ambientada en 1925 que conta a historia dun avogado que volta á súa vila, logo de estudar en Santiago de Compostela, para dirixir o despacho de seu pai.

**TVG**

2002

### **O rei da comedia**

O rei da comedia foi un concurso de televisión producido por CTV para a Televisión de Galicia. Estaba presentado por Fernando Acebal e Isabel Blanco, e pretendía buscar novos talentos para a comedia.

**TVG**

2001

### **Terra de Miranda**

Terra de Miranda é unha serie feita por Zopilote e Voz Audiovisual para a Televisión de Galicia, cos exteriores gravados en Mondoñedo.

**TVG**

2001

### **Pequeno Hotel**

Pequeno Hotel é unha comedia de televisión producida por CTV. A trama céntrase nas relacións entre os personaxes, donos e empregados do hotel, e os hóspedes que nel se aloxan.

#### **ASESOR LINGÜÍSTICO**

**TVG**

2005

**Sogecine,  
Himenóptero, UGC  
Image, Icecream**

2004

**TVG**

1998

**Cuarto sen ascensor**

Televisión.

**Mar Adentro**

Cinema.

**Mareas Vivas**

Televisión.

## // CONTACTO

A miña axencia de contratación é **Ainé** (<http://aine.gal>)



**881 946 972 (tel:881946972)**



**artistas@aine.gal (mailto:artistas@aine.gal)**



**Twitter**

<https://twitter.com/federicoprezrey> (<https://twitter.com/federicoprezrey>)



**Facebook**

<https://www.facebook.com/federicoprezrey> (<https://www.facebook.com/federicoprezrey>)



**Web**

[fede.gal](http://fede.gal) ([fede.gal](http://fede.gal))

## // HABILIDADES

Ca...

Comer churrasco

Percusión



Novato Avanzado

Experto Master

## // IDIOMAS

Galego



Español



Portugués



Inglés



## // HOBBIES

♥ Fútbol

♥ Tocar a batería

♥ Comer

## // INFO FÍSICA

**Peso**

80 kg

**Altura**

175 cm

**Pelo**

Moreno. Curto. Barba

**Ollos**

Marróns

**Rango de idade**

25-45 anos